

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE XANEIRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de xaneiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbese a acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 20 de decembro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para parcelamento da parcela matriz sita na rúa Oliveira, número 68; para reforma e construción de planta alta en nave industrial, para comercio de rodamentos, parafusaría e pequena ferramenta, construída coa licenza de obras número 1474/12, no parque empresarial "As Gándaras", rúa "B", parcela "K4.1"; e para a substitución de cuberta e obras de mellora das condicións de habitabilidade dos locais existentes na planta baixo cuberta, necesarias para o mantemento do uso de vivenda, no edificio sito en solo clasificado como rústico no PXOM, Camiño do Santo, número 18, Santo André de Castro.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente sito na rúa das Fontes, número 82, e a actuación de instalación dun ascensor no edificio sito na rúa Nicomedes Pastor Díaz, 23.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase autorizar a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura.

Acórdase revogar o punto segundo da parte dispositiva do acordo 13/901, adoptado na Xunta de Goberno Local do 11 decembro de 2013, de nomeamento de

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	09/01/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/2



secretario de expediente disciplinario e nomeamento de novo secretario deste procedemento.

Así mesmo, acórdase revogar o punto terceiro da parte expositiva do acordo 13/915, adoptado na Xunta de Goberno Local do 18 decembro de 2013, de autorización para a selección do órgano instrutor e secretario de expediente disciplinario.

En relación co escrito presentado sobre abstención no nomeamento de instrutor de expediente disciplinario, acórdase requirir ao interesado para que probe a causa alegada de abstención.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN


3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización de situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para construción de garaxe anexo a edificio de vivenda sita en casas novas.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, acórdase autorizar a instalación dun posto de churros na avenida Rodríguez Mourelo durante as festas de Nadal, Carnaval e Semana Santa.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:pzfeaHxP+gSQKuovNj37KQ==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	09/01/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	pzfeaHxP+gSQKuovNj37KQ==	PÁGINA 2/2


pzfeaHxP+gSQKuovNj37KQ==